

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 19 DE OUTUBRO DO 2020.****Sesión 11/2020-P**

<p><b><u>SRES/RAS ASISTENTES</u></b></p> <p><b><u>PRESIDENTE</u></b> D. Óscar Benito Portela Fernández</p> <p><b><u>CONCELLEIROS</u></b> D<sup>a</sup> María Pilar Taibo Fernández D. Xosé Fernando Fariña Andrade D<sup>a</sup> Rebeca Mouriño Neira D<sup>a</sup> Ana Paola Mondaca González D. María Luisa Rúa Prieto D<sup>a</sup> María Soraya Salorio Porral D<sup>a</sup> María José García Freire D. José Luis Tellado Villares D. José Luis García Pazos D. Alberto Manuel García Coteló D<sup>a</sup> María Pardo Fafián D. Ramiro Blanco Montero D<sup>a</sup> Isabel Reimúndez Suárez D<sup>a</sup> Laura Rodríguez Pena D<sup>a</sup> María Nogareda Marzoa D. Breogán Blanco González</p> <p><b><u>SECRETARIA</u></b> D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Seoane Bouzas</p>	<p>No Salón dos Plenos da Casa do Concello, sendo as 20.00 horas do día luns 19 de outubro do 2020, baixo a presidencia do sr. alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, asistido pola secretaria da Corporación D<sup>a</sup> María del Carmen Seoane Bouzas, quen dá fe do acto, reúnen-se os sres. concelleiros relacionados, membros todos da Corporación, co obxecto de realizar nunha primeira convocatoria a sesión extraordinaria prevista para o día de hoxe, de acordo coa seguinte Orde do Día.</p>
--	---

**ORDE DO DÍA:**

Abre a sesión o Presidente, dando a benvida a todas e a todos a este Pleno presencial do Concello de Sada, convocado pola petición do grupo municipal do Partido Popular.

**ÚNICO.- PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR PERI-D3.6 PREVISTO NO PXOM.**

O escrito de solicitude asinado polos concelleiros pertencentes ao grupo municipal do Partido Popular, presentado o 28 de setembro do 2020, co RE 202099900002834, que consta no expediente e foi facilitado aos membros da Corporación coa convocatoria, contén logo dunha exposición dividida en oito apartados, que preceden á solicitude de convocatoria desta sesión, a seguinte proposta de acordo ao Pleno:

<<Único.- *La redacción del Plan Especial de Reforma Interior PERI-D3.6 previsto en el PXOM, que contempla entre sus objetivos el “obtener suelo para la construcción de un nuevo centro de salud”>>.*



O Presidente dálle a palabra á sra. Salorio, voceira do grupo municipal do Partido Popular, para que expoña ao Pleno de Corporación o solicitado polo seu grupo, quen comeza a súa exposición polo expoñendo IV contido no escrito de solicitude (do I ao III son para tratar de xustificar, co apoio legal que neles se cita, que se cumpren os requisitos para efectuar esta convocatoria plenaria) e remata dicindo que espera recibir o apoio maioritario á súa proposta polos motivos expostos.

Logo da exposición da sra. Salorio, o Presidente anuncia que o grupo do Goberno vai presentar unha emenda ao acordo proposto, co seguinte contido:

*<<Ínstase á Alcaldía a proseguir coas negociacións co Sergas para os efectos do traslado do centro de saúde a unha zona máis accesible ofrecendo a parcela dotacional prevista no PXOM na zona da Lagoa ou calquera outra que sexa viable e que conte coa conformidade da Xunta, establecendo coma data límite para a dita conformidade o 31 de agosto de 2020>>.*

A continuación o Presidente dá unha explicación sobre a emenda presentada, coa que entende que ben se pode acadar o consenso unánime da Corporación.

Seguidamente, ábrese o debate do asunto, coas intervencións da sra. Nogareda, do grupo municipal de Alternativa dos Veciños; a sra. Reimúndez, do grupo municipal do BNG; sra. Pardo, do grupo municipal Socialista, quen establece un pequeno debate co Presidente; e sr. Fariña, do grupo municipal de Sadamaioría.

Intervén novamente a sra. Salorio (PP), quen nun debate co Presidente esfórzanse entre os dous en aproximar as súas posicións na procura de acadar un texto que poder aprobar todos. A sra. Pardo intervén tamén novamente, para tratar de axudar a perfilar ben o que se vaia propoñer finalmente, continuando o debate de aproximación co Presidente cara a un texto ben consensuado que lle poida dar unha solución definitiva ao problema do traslado do centro de saúde.

Continúan a debater entre a sra. Salorio e o Presidente; chegado o momento en que o texto estaba xa case pactado intervén a secretaria para introducir unha cuestión xurídico-procedimental, dando as súas indicacións para os efectos.

O contido íntegro das intervencións atópase recollido nun formato de arquivo audiovisual asinado electronicamente, ao que pode accederse pola ligazón reflectida ao remate desta acta, á que está unido e forma parte do expediente da sesión.

Finalmente resulta proposto para a súa votación polo Pleno o seguinte texto:

*Único.- Iniciar o expediente do Plan Especial de Reforma Interior PERI-D3.6 previsto no PXOM, que contempla entre os seus obxectivos o “obter solo para a construción dun novo centro de saúde”, establecendo como primeiro trámite dentro do mesmo a obtención da conformidade da Xunta, ata o 31.12.2020, sobre a parcela dotacional prevista no PXOM na zona da Lagoa.*

A continuación procédese á votación, obténdose o seguinte resultado:

- Votos a favor: 17 (6 SM, 5 PP, 2 PSOE, 2 BNG, 2 AV).
- Votos en contra: Non se produciron.
- Abstencións: Non se produciron.

Resultando aprobado por unanimidade o seguinte **ACORDO**:

*Único.- Iniciar o expediente do Plan Especial de Reforma Interior PERI-D3.6 previsto no PXOM, que contempla entre os seus obxectivos o “obter solo para a construción dun novo centro de saúde”, establecendo como primeiro trámite dentro do mesmo a obtención da conformidade da Xunta, ata o 31.12.2020, sobre a parcela dotacional prevista no PXOM na zona da Lagoa.*



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo  
Avda. da Mariña, 25 (Sada)  
15160 Sada (A Coruña)  
Tfno.: 981 62 00 75  
Fax: 981 62 12 74  
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G010/000012

---

E non sendo máis os asuntos para tratar, levántase a sesión cando son as 20 horas e 58 minutos do día luns 19 de outubro do 2020, do que como secretaria dou fe e certifico, asinando dixitalmente a presente acta electrónica, co visado do alcalde Óscar Benito Portela Fernández, que leva unida o arquivo audiovisual asinado electronicamente e no que se atopa recollido o contido íntegro das intervencións, que se incorpora ao expediente e ao que se pode acceder pola seguinte ligazón:

[https://sede.sada.gal/gl/portal\\_transparencia/Relevancia\\_Juridica/Normativa/Normativa.html](https://sede.sada.gal/gl/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Normativa/Normativa.html).